

## Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XV

X. SOÑORA, I. PULGAR & R. IGLESIAS

Departamento de Biología Vexetal. Facultade de Farmacia Universidade de Santiago.  
15706 Santiago de Compostela

(Recibido, marzo 1995. Aceptado, decembro 1995)

### Resumo

SOÑORA, X., PULGAR, I. & IGLESIAS, R. (1996). Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XV. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 6: 3-9

Cítanse 21 plantas vasculares de diverso interese para a Flora Galega. Unha especie é nova para Galicia, *Euonymus japonicus*, de orixe alóctona. Outras 16 especies son novidades provinciais (7 para Lugo e 9 para A Coruña).

**Palabras chave:** Flora vascular, coroloxía, Galicia, Península Ibérica.

### Abstract

SOÑORA, X., PULGAR, I. & IGLESIAS, R. (1996). Notes on the Galician vascular flora, XV. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 6: 3-9

We present new information on the distribution of 21 vascular plants in Galicia. One of these taxa (*Euonymus japonicus*, of allochthonous origin) has not been cited previously from Galicia. Of the remaining 16 taxa, nine are new to A Coruña province and seven to Lugo province.

**Key words:** Vascular flora, chorology, Galicia, Iberian Peninsula.

Con este artigo continuamos coa aportación de novidades corolóxicas á flora vascular galega que veñen publicando diversos membros do Laboratorio de Botánica da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago baixo o epígrafe «Apuntes sobre la flora gallega», iniciados por Izco *et al.* en 1983.

### *Alopecurus myosuroides* Hudson

**Lugo.** Begonte, Pacios, nun talude rezumante na beira da estrada nacional, 01/07/93, 29TPH0081.

Novidade provincial desta gramínea da que coñecemos poucas citas das outras tres provin-

cias galegas: LANGE (1861a:25), PAU (1924:72), LAÍNZ (1965:326 e 1967:48), ORTIZ & RODRÍGUEZ OUBIÑA (1987:99) e SOÑORA *et al.* (no prelo).

### *Bidens aurea* (Aiton) Sherff

**Lugo:** Ribadeo, 23/01/94, 29TPJ5720. Foz, 23/01/94, 29TPJ4122. Viveiro, 30/01/94, 29TPJ1336.

Sempre en lugares nitrificados, beiras de canos e silveiredos, nos arrabaldes das vilas. Primeiras citas para a provincia de Lugo. Esta planta procedente de Centroamérica é coñecida de varios lugares das provincias de Pontevedra e A Coruña, amais dunha localidade ourensá, do

Barco, segundo recolle GONZÁLEZ (1988:21) na súa recopilación de flora alóctona galega. Coñecemos outra cita da provincia de Ourense (RODRÍGUEZ GRACIA, 1986a:16), nos arredores da capital.

### *Bromus rubens* L.

**Ourense:** Muiños, Serra do Xurés, 16/06/92, 29TNG8640.

Esta é a segunda cita provincial e galega desta gramínea citada erróneamente por MERINO (1909:375) na provincia ourensá, segundo confirmou LAÍN Z (1965:329). AMIGO & GIMÉNEZ DE AZCÁRATE (1990:116) testemuñaron a súa presenza nesta mesma provincia, en comunidades referibles á orde *Brometalia rubenti-tectori*, nas proximidades do embalse de Penarrubia (Rubiá).

### *Cochlearia aestuaria* (J. Lloyd) Heywood

**A Coruña:** Valdoviño, Vilarrube, 28/03/88, 29TNJ7632.

MERINO (1905:152) cita esta planta da mariña de Viveiro e ademáis, segundo Planellas, de diversas localidades coruñesas baixo o nome de *Cochlearia officinalis* L. var. *maritima* Grenier & Godron. VOGT (1993:228) non a sinala nesta provincia. Nós atopámola na localidade sinalada, onde formaba parte como compañeira da asociación *Bostrychio-Halimionetum portulacoidis*.

### *Cochlearia danica* L.

**Lugo:** Cervo, San Ciprián, 30/01/94, 29TPJ2639, substratos graníticos do acantilado. Barreiros, praia das Catedrais, sobre xistos, 24/04/92, 29TPJ4525.

Nova para a provincia. LAGO CANZOBRE & CASTROVIEJO (1992:73) estudaron esta planta recollida en diversas localidades da Coruña e Pontevedra. Tampouco VOGT (1993:28) a sinalou na provincia de Lugo, pero sí na de Oviedo e nas outras dúas provincias costeiras galegas, nas que xa a citaran varios autores: LANGE (1866:64), MERINO (1905:153), Planellas -segundo MERINO (1905:153) e posteriormente recoñecida no seu herbario por PAU (1921:54) e DUPONT (1959:267).

### *Cytinus hypocistis* (L.) L.

**A Coruña:** Camariñas, Enseada do Trece, 12/06/91; 29TMH8781. Ferrol, Covas, 9/05/92; 29TNJ5523. En ambos casos vivía parasitando *Cistus salvifolius* L.

MERINO (1906:27) achou esta planta na derradeira bacía do río Miño. Coñeceuna tamén de Galdo e proximidades de Lugo por medio dos seus fieis colabouradores Rodríguez Franco e Castro Pita. Planellas afirmou a súa presenza nos distritos miniano e marítimo (MERINO, 1906:27) e no seu herbario foi verificada posteriormente por PAU (1924:62). Da provincia de Ourense coñecemos unha cita da Serra de Queixa (COSTA TENORIO & MORLA JUARISTI, 1984:264). As mostras recollidas por nós supoñen as primeiras citas para a provincia da Coruña.

### *Chenopodium ambrosioides* L.

**Lugo:** Ribadeo, mariñas da ría, 23/01/94, 29TPJ5720.

UOTILA (1990:497), das catro provincias galegas soamente sinalou a súa existencia na de Pontevedra, onde xa fora recolectada por LAÍN Z (1955:143) e LANGE (1861b:91). Sen embargo son varias tamén as mencións coruñesas de LANGE (op. cit.) e unha ourensá de MERINO (1906:582). GONZÁLEZ (1988:28) recolle numerosas referencias das provincias de A Coruña e Pontevedra, e outras tamén galegas, de Planellas, Willkomm e Colmeiro sen localización. Non coñecemos referencia explícita algunha da provincia de Lugo desta planta orixinaria de América tropical.

### *Eschscholzia californica* Cham.

**Lugo:** Lugo, 26/06/93, 29TPH1863. Terreos alterados nas inmediacións do Campus Universitario.

Primeira cita provincial desta adventicia norteamericana, coñecida das provincias de Ourense (RODRÍGUEZ GRACIA, 1983:17) e A Coruña (IZCO & AMIGO, 1986:131). PAIVA (1986:425) sinalaa soamente nas provincias de Ourense e Pontevedra.

***Euonymus japonicus* L.**

**A Coruña:** Ortigueira, Ponte Mera, 01/05/93, 29TNJ8834. Cariño, estrada a San Andrés de Teixido, 27/07/89, 29TNJ8842. Ferrol, Covas, 12/01/92, 29TNJ5722. Ferrol, San Felipe, 23/08/92, 29TNJ5813.

Non coñecemos ningunha referencia do asilvestramento deste arbusto en Galicia, usado frecuentemente como sebe e cultivado nos xardíns.

***Euphorbia maculata* L.**

**Lugo:** Begonte, Pacios, beiras da estrada nacional, 01/07/93, 29TPH0081.

Primeira cita provincial. Planta de orixe americana citada da provincia de Pontevedra (RODRÍGUEZ GRACIA, 1986b:33; GÓMEZ VIGIDE *et al.*, 1989:109) e da Coruña (SOÑORA *et al.*, en prensa). Do norte de Portugal temos as referencias de RODRÍGUEZ GRACIA (op. cit.) e ORTIZ & RODRÍGUEZ OUBIÑA (1990:76).

***Helichrysum petiolare* Hilliard & B.L. Burt**

**A Coruña:** Ferrol, San Felipe, 23/08/91, 29TNJ5713. Ares, A Bailadora, 22/09/92, 29TNJ5711.

**Lugo:** Ribadeo, 16/02/92, 29TPJ5719.

Primeiras citas para ambas provincias. Este arbusto de orixe capense está extendidísimo polas dúas marxes da Ría de Ferrol, nas localidades citadas e en comunidades de *Calluno-Ulicetea*. Os exemplares recollidos en Ribadeo estaban na beira da estrada a Oviedo, un pouco retirados, en comunidades da mesma natureza que as anteriores.

De Galicia soamente coñecíamos unha cita da Illa de Tambo, provincia de Pontevedra (LAÍN Z, 1974:17). AEDO & *al.* (1993: 365) citárona de Castropol (provincia de Oviedo), localidade próxima á nosa de Ribadeo.

***Iberis procumbens* Lange subsp. *procumbens***

**A Coruña:** As Pontes, Goente, parte alta da cabeceira do embalse do Eume, 11/08/94, 29TNJ8006.

Endemismo ben coñecido das costas atlánticas da Península Ibérica, propio dos areas costeiras (MORENO, 1993:291). Encontramos

unha poboación bastante abundante sobre unha pedreira, preto das paredes deste encoro, a uns trescentos metros de altitude e a unha vintena de kilómetros da costa.

***Inula conyzica* DC.**

**A Coruña:** Cerdido, talude preto da estación do ferrocarril, 28/08/93, 29TNJ8626. Moeche, lavadeiro da mina de cobre abandonada, 28/08/93, 29TNJ8322. Monfero, O Mosquiteiro, beira da estrada, preto da central hidroeléctrica, 24/07/93, 29TNJ7706.

Primeiras citas provinciais desta planta coñecida de Galicia dende a primeira referencia de LANGE (1861b:117) de Becerreá (Lugo). MERINO (1906:337) citouna do Incio e O Courel (Lugo) e de Covas (Ourense); posteriormente de Humoso, tamén nesta mesma provincia (MERINO, 1914:170). COSTA TENORIO & MORLA JUARISTI (1984: 265) da comarca de Trives, RODRÍGUEZ GRACIA (1989: 373) de Covas, ambas en Ourense. DUPONT (1959: 267) citou esta planta do Grove (Pontevedra).

***Medicago falcata* L.**

**A Coruña:** Carnota, praia do Pindo, 18/06/95, 29TMH8951.

LAÍN Z (1971:9) rexeita as citas galegas desta planta realizadas por Gandoger e Willkomm. Especie distribuída por Europa Central e Asia Central e occidental ata a India. Na Península Ibérica é rara (BORJA CARBONELL, 1962:12). Esta é a primeira cita segura para Galicia.

***Medicago italica* (Miller) Steudel subsp. *striata* (Bast.) Greuter & Burdet**

**A Coruña:** Dumbría, praia do Ezaro, 28/03/94, 29TMH8951.

MERINO (1905:379) cita esta planta de toda a costa galega, sen facer ningunha referencia explícita, baixo «*Medicago littoralis* Rhode var. 1ª *inermis* Moris forma 1ª *tricycla* Urban», de legumes inermes ou con escasos e pequenos tubérculos a variedade e con 3 ou 3 e 1/2 espiras a forma 1ª, única forma citada por Merino desta variedade nas costas de Galicia. LAÍN Z (1967:26)

describe *Medicago litoralis* Rhode subsp. *tricycla* (DC.) Laínz, de legumes sublenticulares con foliolos ocasionalmente rómbicos. KERGUÉLEN (1987:127) leva estes táxones a *Medicago tornata* (L.) Miller subsp. *striata* (Bast.) Kerguélen.

LAGO CANZOBRE & CASTROVIEJO (1992:92) estudiaon exemplares deste táxon procedentes da praia de Doniños (Ferrol) e Coitelada (Ares) na provincia da Coruña.

A este táxon pertencen os seguintes pregos integrados no herbario SANT:

**A Coruña:** Dumbria, praia do Ezaro, *R. Iglesias* (SANT 30225,30226). Corrubedo, praia da Lagoa, *P. Guitián* (SANT 14563, 29596, 21280). Corrubedo, *P. Guitián* (SANT 28603). Pontedeume, praia da Mag-

dalena, *R. Alvarez* (SANT 9269). Noia, praia do Testal, *R. Alvarez* (SANT 21061). Valdoviño, *X. Soñora* (SANT 24008). Cedeira, *P. Guitián* (SANT 29713). Ribeira, *J. Izco & P. Guitián* (SANT 28858). **Lugo:** Viveiro, Tabagón, *F. Bellot & B. Casaseca* (SANT 9412). **Pontevedra:** Cesantes, *M. Losa* ? (SANT 3398).

Corresponde a *Medicago italica* subsp. *striata* a maioría do dado como *Medicago littoralis* das costas de Galicia. Sen embargo, parece que non está presente na costa asturiana. MAYOR & DÍAZ (1981) non a citan de Asturias. Igualmente, tampouco está no catálogo de DÍAZ GONZÁLEZ *et al.* (1994) desta mesma rexión.

As diferencias entre os dous táxons son as que mostramos na seguinte táboa (Táboa I).

TÁBOA I. Diferencias morfolóxicas entre *M. italica* subsp. *striata* e *M. littoralis*

<i>Medicago italica</i> subsp. <i>striata</i>	<i>Medicago littoralis</i>
Planta glabra ou pouco pubescente.	Planta con pubescencia máis ou menos densa.
Follas transovado-romboidais, raramente escotadas.	Follas transovado-deltadas, en moitos casos lixeiramente escotadas.
Estípulas laciniadas.	Estípulas dentado-laciniadas.
Inflorescencias con 4-14 flores.	Inflorescencias con 3-6 flores.
Froitos discoideos ou subcilíndricos. Cando teñen espiñas, son curtas e dispostas en dúas series nada ou pouco diverxentes.	Froitos máis ou menos cilíndricos. Cando teñen espiñas, estas son longas e rixidas e dispostas en dúas series fortemente diverxentes.

### *Monotropa hypopitys* L.

**A Coruña:** Fene, S. Marcos, nunha repoboación de piñeiros, 01/06/84, 29TNJ7113. Fene, Barallobre, 14/05/90, 29TNJ6712. Valdoviño, Vilarrube, 17/05/93, 29TNJ7531. San Sadurniño, Pena Escrita, 15/06/95. 29TNJ7624.

Novidade provincial. As citas que coñecemos corresponden ás provincias de Lugo e Pontevedra: MERINO (1909:619), Izco *et al.* (1983:92) e GÓMEZ VIGIDE (1985:368). MONTSERRAT MARTÍ (1993:537) tampouco recolle ningunha cita da Coruña.

### *Sisymbrium irio* L.

**A Coruña:** Ferrol, Esteiro, 23/06/91, 29TNJ6315, zonas nitrificadas. A Coruña, *E. Viéitez* (SANT 1586).

Novidade para esta provincia. Esta é unha planta ruderal pouco citada en Galicia, nas provincias de Ourense (LAÍNz, 1967:9) e Pontevedra (GUITIÁN *et al.*, 1985:201). PUJADAS SALVÁ (1993:14) indicaa só nas provincias de Lugo e Ourense.

***Solanum luteum* Miller subsp. *alatum* (Moench)**

Dostál

**A Coruña:** Valdoviño, Vilarrube, 20/05/92, 29TNJ7433, substrato areento na postduna da praia de Vilarrube.

Táxon anteriormente sinalado só por MERINO (1906:136) baixo o binome *Solanum miniatum* Reichenb., do que recolleu un só exemplar na praia de Covas (Concello de Viveiro, Provincia de Lugo). Esta é pois a primeira cita provincial da especie e segunda galega da subespecie.

Máis coñecido en Galicia é a outra subespecie, *Solanum luteum* Miller subsp. *luteum* (= *S. villosum* Miller), citado por LANGE (1866:197) de Ourense. MERINO (1906:136) recolleuno no santuario das Hermidas, igualmente en Ourense. VIÉITEZ (1950:436) en Catoira, Pontevedra. RODRÍGUEZ GRACIA (1983:19) fixo outra nova cita da provincia Ourense.

***Sorbus aucuparia* L. subsp. *aucuparia***

**A Coruña:** Somozas, Queiroga, 22/08/93, 29TNJ9123, nun retallo de fraga. As Pontes, Solloso, 12/09/94, 29TNJ9922.

Novidade para a provincia coruñesa, a baixa altitude, desta arboriña ben coñecida das montañas de Lugo e Ourense. Parece ser que descende ata a costa nas proximidades de Viveiro, segundo Rodríguez Franco (MERINO, 1909:553).

***Typha angustifolia* L.**

**Lugo:** Viveiro, beiras lagoa de Abrela, 07/08/93, 29TPJ1141.

**A Coruña:** Narón, Xuvia, zona húmida tras a Casa do Concello de Narón, 13/07/94, 29TNJ6818.

Son poucas as citas galegas válidas que hai desta planta. Coñecida de PAU (1924:69), que a encontrou no herbario de Planellas, sen indicación de localidade; ALLORGE (1927:950) de Cambre, preto da cidade da Coruña; LAÍN Z (1953:165) do herbario de Merino, sen etiquetar; ORTIZ & RODRÍGUEZ OUBIÑA (1988:298), da praia da Lanzada (Pontevedra) e SOÑORA (1989:113) da praia da Frouxeira (A Coruña). Cita nova para a provincia de Lugo e ampliación de área para a provincia da Coruña.

***Ulmus glabra* Hudson**

**A Coruña:** Somozas, preto de Pando, fraga do río Mera, 08/08/92, 29TNJ9023. Ortigueira, Serra da Capelada, Río Lamas, 23/05/94, 29TNJ8638. Valdoviño, Pantín, Río Forcadas, 21/08/93, 29TNJ7431.

Arbore citada soamente de dúas localidades montanas, unha na provincia de Ourense (ORTIZ, 1986:194), no macizo de Pena Trevinca; a outra en Lugo, de Pedrafitas (RIGUEIRO RODRÍGUEZ & SILVA-PANDO, 1984:390), estes autores ademais fan referencia a unha afirmación de Molina Rodríguez, que a veu na fraga do río Eume. MERINO (1906:597) citouna tamén da beira do río Landrove, a baixa altitude, segundo testemuña do seu colaborador Rodríguez Franco.

As sámaras recollidas teñen a semente en posición central e unhas dimensións que superan sempre os 20 x 15 mm. As follas son moi semellantes ás da abeleira, *Corylus avellana* L., coas que se confunden facilmente, a penas asimétricas na base, característica esta última que define da descrición de NAVARRO & CASTROVIEJO (1993:245).

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- AEDO, C., ALDASORO, J.J., ARGÜELLES, J.M., DÍAZ ALONSO, J.L., GONZÁLEZ DEL VALLE, J.M., HERRÁ, C., LAÍN Z, M., MORENO MORAL, G., PATALLO, J. & SÁNCHEZ PEDRAJA, O. (1993). Contribuciones al conocimiento de la flora cantábrica. *Fontqueria*, **36**:349-374.
- ALLORGE, P. (1927). Sur quelques plantes rares ou intéressantes de Galice, I. *Bull. Soc. Bot. France*, **74**:947-952.
- AMIGO VÁZQUEZ, J. & GIMÉNEZ DE AZCÁRATE, J. (1990). Apuntes sobre la Flora Gallega, X. *Bol. Soc. Brot.*, sér. 2, **63**:115-120.
- BORJA CARBONELL, J. (1962). Las «mielgas» y «carretones» españoles. Estudio botánico del género *Medicago* L. *I.N.I.A.*, Madrid.
- COSTA TENORIO, M. & MORLA JUARISTI, C. (1984). Anotaciones corológicas orensanas. *Lazaroa*, **6**:263-266.
- DÍAZ GONZÁLEZ, T.E., FERNÁNDEZ PRIETO, J.A., NAVA FERNÁNDEZ, H.S. & FERNÁNDEZ CASADO, M.A. (1994). Catálogo de la flora vascular de Asturias. *Itinera Geobotánica*, **8**:529-600.

- DUPONT, P. & S. (1959). Additions à la Flore du nord-ouest de L'Espagne (II). *Bull. Soc. Hist. Nat. Toulouse*, **94**:262-272.
- GÓMEZ VIGIDE, F. (1985). Algunas aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega. *Anales Jard. Bot. Madrid*, **41**(2): 367-380.
- GÓMEZ VIGIDE, F., GARCÍA MARTÍNEZ, X.R., VALDÉS BERMEJO, E., SILVA PANDO, F.J. & RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1989). Aportaciones a la Flora de Galicia, III. *Sobre Flora y Vegetación de Galicia*, :101-121. Consellería de Agricultura, Santiago.
- GONZÁLEZ, E. (1988). *Flora alóctona gallega I*. Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- GUITIÁN, J., AMIGO, J., ORTIZ, S. & RODRÍGUEZ OUBIÑA, J. (1985). Apuntes sobre la Flora Gallega, III. *Trab. Comp. Biol.*, **12**:197-203.
- IZCO, J. & AMIGO, J. (1986). Notas sobre la Flora Gallega, IV. *Trab. Comp. Biol.*, **13**:127-138.
- IZCO, J., GUITIÁN, J., AMIGO, J. & ORTIZ, S. (1983). Apuntes sobre la Flora Gallega, I. *Trab. Comp. Biol.*, **10**:87-96.
- KERGUÉLEN, M. (1987). Données taxonomiques, nomenclaturales et chorologiques pour une révision de la Flore de France. *Lejeunia*, nouvelle série, **120**:1-264.
- LAGO CANZOBRE, M.E. & CASTROVIEJO, S. (1992). *Estudio citotaxonomico de la flora de las costas gallegas*. Caderno da área de Ciencias Biolóxicas. Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, vol. 3. O Castro-Sada. A Coruña.
- LAÍN, M. (1953). Adiciones inéditas del P. Baltasar Merino a su Flora de Galicia. *Broteria*, sér. C.N., **XXII**(XLIX)(IV): 155-168.
- LAÍN, M. (1955). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega. *Broteria*, sér. C.N., **XXIV**(LI)(II-III):108-151.
- LAÍN, M. (1965). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega, IV. *Anales I.F.I.E.*, **10**:299-332.
- LAÍN, M. (1967). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega, V. *Anales I.F.I.E.*, **12**:1-51.
- LAÍN, M. (1971). *Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega, VII*. :1-39. Publ. Inst. Forest. Invest., Madrid.
- LAÍN, M. (1974). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega, VIII. *Com. I.N.I.A.*, **2**:1-26.
- LANGE, J. (1861a). *Pugillus plantarum imprimis hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit. Vid. Meddel. Dansk. Naturh. Foren. Kjobenhavn*, **1860**:1-82.
- LANGE, J. (1861b). *Pugillus plantarum imprimis hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit. Vid. Meddel. Dansk. Naturh. Foren. Kjobenhavn*, **1861**:83-166.
- LANGE, J. (1866). *Pugillus plantarum imprimis hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit. Vid. Meddel. Dansk. Naturh. Foren. Kjobenhavn*, **1865**:30-204.
- MAYOR, M. & DÍAZ, T.E. (1981). *La Flora asturiana*. Ayalga ed., Oviedo.
- MERINO, B. (1905-1909). *Flora de Galicia, I-III*. Tipografía galaica, Santiago de Compostela.
- MERINO, B. (1914). Adiciones a la Flora de Galicia. *Broteria*, sér. Bot., **XII**:32-52, 97-114, 163-176.
- MONTSERRAT MARTÍ, G. (1993). *Monotropa L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica, III*:537-539. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- MORENO, M. (1993). *Iberis L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica, IV*:271-293. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- NAVARRO, C. & CASTROVIEJO, S. (1993). *Ulmus L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica, III*:244-248. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- ORTIZ, S. (1986). Apuntes sobre la Flora Ourensana. *Studia Botanica*, **5**:191-194.
- ORTIZ, S. & RODRÍGUEZ OUBIÑA, J. (1987). Apuntes sobre la Flora Gallega, V. *Bol. Soc. Brot.*, **LX** (2ª sér.):99-105.
- ORTIZ, S. & RODRÍGUEZ OUBIÑA, J. (1988). Apuntes sobre la Flora Gallega, VI. *Lazaroa*, **10**:295-298.
- ORTIZ, S. & RODRÍGUEZ OUBIÑA, J. (1990). Contribución al conocimiento de la alianza *Polycarpion tetraphylli* en Portugal. *Bot. Complutensis*, **16**:71-79.
- PAIVA, J. (1986). *Eschscholzia Cham. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica, I*:425-426. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- PAU, C. (1921). El herbario de Planellas. *Broteria*, sér. Bot., **19**:49-65, 97-106.
- PAU, C. (1922). El herbario de Planellas. *Broteria*, sér. Bot., **20**:120-129.
- PAU, C. (1924). El herbario de Planellas. *Broteria*, sér. Bot., **21**:43-82.
- PUJADAS SALVÁ, A. (1993). *Sisymbrium L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), Flora Ibérica, IV*:12-27. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. & SILVA-PANDO, F.J. (1984). Aportaciones a la Flora de Galicia, I. *Anales Jard. Bot. Madrid*, **40**(2):385-395.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1983). Comentarios a la Flora de Galicia I, *BAur.*, **XIII**:15-22.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1986a). Comentarios a la Flora de Galicia II, *BAur.*, **XVI**:13-25.

- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1986b). Comentarios a la Flora de Galicia III, *BAur.*, **XVI**:31-38.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1989). Comentarios a la Flora de Galicia IV, *BAur.*, **XVIII-XIX**:371-377.
- SOÑORA, F.X. (1989). Flora vascular de Valdoviño. *Concepción Arenal, ciencias y humanidades*, **22**:93-115.
- SOÑORA, F.X., RODRÍGUEZ OUBIÑA, J. & ORTIZ, S. (no prelo). Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XIV. *Bol. Soc. Brot.*, sér. 2.
- UOTILA, P. (1990). *Chenopodium* L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), *Flora Ibérica*, **II**:484-500. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.
- VIÉITEZ, E. (1950). Notas para la Flora Gallega. *Anal. Edafol. Fisiol. Veg.*, **9**(1):431-439.
- VOGT, R. (1993). *Cochlearia* L. In: CASTROVIEJO, S. et al. (Eds.), *Flora Ibérica*, **IV**:227-233. Real Jardín Botánico de Madrid, C.S.I.C.